

B A S E S

» PARTICIPACIÓN:

Poderán participar alumnos de segundo ciclo de Secundaria, Bacharelato e FP que cursen estudos en Galicia, e non teñan cumpridos os 20 anos o 31 de decembro de 2022.

» MODALIDADES:

Os traballos deberán ser orixinais e inéditos, escritos en lingua galega e poderán concorrer nas seguintes modalidades: **Poesía** (un conxunto de tres poemas, de tema e forma libres) e **Narración** (con extensión máxima de seis folios e mínima de dous mecanografiados a dobre espazo e de tema libre).

» PRESENTACIÓN:

Enviaranse seis exemplares en papel e unha copia en soporte informático. Neles figurará o **título** e un **pseudónimo** ou lema, pero non o nome do autor. Nun sobre pechado introduciranse os datos persoais do autor (nome, idade, enderezo postal e electrónico, teléfono particular, curso e Centro onde estuda), que -para acreditar a súa condición de alumno do Centro- virán selados polo Seminario de Galego. No exterior do sobre figurarán unicamente o pseudónimo ou lema e o título da obra. Traballos e plica enviaranse conxuntamente a: "PREMIOS LITERARIOS MINERVA", Colexio M. Peleteiro. Monte Redondo-Castiñeiriño. 15702 - Santiago de Compostela.

» PREMIOS:

Concederanse tres premios en cada modalidade, de 750, 400 e 250 respectivamente, medalla conmemorativa do Certame e publicación das obras galardoadas nun libro editado polo Colexio M. Peleteiro. Se na opinión do Xurado a calidade das obras así o requirise poderán outorgarse accésits. Os premios poderán declararse desertos.

» XURADO:

Estará constituído por escritores e profesores de Lingua ou Literatura de distintos centros de ensino de Galicia e darase a coñecer con anticipación á emisión do fallo.

» PRAZO DE PRESENTACIÓN:

Remata o día **24 de xaneiro**.

» FALLO:

Farase público nos medios de comunicación e na web do Colexio o día **11 de marzo**.

» ACTO DE ENTREGA DE PREMIOS:

A entrega de premios terá lugar o día **12 de abril** nun acto literario no Colexio M. Peleteiro. Nel, os agasallados deberán ler, total ou parcialmente, a súa obra, que quedará en propiedade do Colexio organizador. Cómpre a asistencia do premiado ou premiada, ou ben dun representante que recolla o premio no seu nome.